

A COVA DAS LETRAS PRESENTA

Costureirinha bonita

DE CRIS COLLAZO



Sinopse

Costureiriña bonita é unha peza inspirada nas costureiras e modistas dos anos sesenta e de como este oficio foi evolucionando ao longo do tempo.

Trátase dun espectáculo cuxa fonte de creación foi a recollida oral de testemuñas reais que se adicaron ao oficio neste tempo, así coma tantas coplas e cantos da tradición oral galega. A través da confección do vestiario viaxaremos no tempo, a épocas e lugares máxicos.

A manipulación de obxectos (máquina de coser, agullas xigantes, teas...) e títeres acompañan esta historia e á nosa protagonista, Lela.



O vestuario

É unha recreación das feituraas realizadas polas modistas entrevistadas. Pezas únicas que contan unha historia de vida.

Está deseñado e confeccionado por La Canalla Vigo.



vestido amarelo piqué, Venezuela



A tenda da LAMIAK, unha famosa muller encantada que aparece nas fontes vascas peitando os seus cabelos.



Turbante africano



Capa inspiración Balenciaga, Euskadi



Traxe de chaqueta orixinal,
A Bandeira, Silleda



vestido-Serea, O Berbés, Vigo



A música

Outro dos compoñentes fundamentais de COSTUREIRIÑA BONITA é a música, creada exclusivamente para a posta en escena.

O compositor é Manu Paino, que se baseou no son orixinal da máquina de coser para ir transformando a peza central da obra nunha composición electrónica.



Así mesmo, empregou a voz da fantástica Rosario das Mariás, unha cantareira tradicional, para introducir as coplas de Costureiriña Bonita, chamando á labor, ao traballo.

Para finalizar, o mestre Xurxo Souto agasalounos cunha fermosa peza que producida por Manuel Paino pecha o espectáculo, “Manuela bonita, Icíá pequena”.

A nosa protagonista, Lela, vai ver o mundo coa súa máquina na cabeza, ao ritmo deste pasodobre.



O atrezzo

É unha creación polo lalinense Luchy Iglesias, un artista da madeira.

As perchas son obra de Miguel Ramos, natural de Merza e que traballa maxestuosamente o metal e os zocos das bonecas da famosa zoqueira Elena Ferro.



Costureiríña Bonita

foi creada con todo o amor que se lle ten a
toda unha xeración de mulleres que de boca
en boca foron transmitindo este
labor de facer peza a peza a vida.











COVA
DAS LETRAS

CULTUR
ACTIVA